

IES AS TELLEIRAS – MATERIAS PENDENTES PRESENTACIÓN DA MATERIA

Materia / Módulo	Xeografía e Historia	Páx.	1
Curso / Ciclo	Curso 2023 -24 - 1º ESO		
Profesor/a responsable	María Saavedra Ricoy		

CONTIDOS (Temporalizados por Avaliacións)

1º PARCIAL:

- **A humanidade prehistórica:** Introducción á Historia: as liñas de tempo e as fontes históricas. A orixe do ser humano. As sociedades cazadoras-colleiteiras. As primeiras sociedades agrícola-gandeiras. A metalurxia. Arte e maxia.
- **Mesopotamia e Exipto:** O marco xeográfico das primeiras civilizacións. Características xerais da civilización mesopotámica. Exipto: organización económico-social e política. O faraón. A cultura: relixión e culto aos mortos.
- **Grecia clásica:** O marco xeográfico: orixe das polis. Expansión do mundo grego: as colonizacións. A democracia ateniense. Vida cotiá. O helenismo. A relixión, a cultura e a arte.
- **A civilización romana:** Da orixe á creación dun Imperio. A romanización. O Imperio: organización económica, social e política.

2º PARCIAL:

- **O Planeta Terra e a súa representación:** O globo terráqueo. A división en hemisferios. A localización polos puntos cardinais. Paralelos e meridianos. Latitude e lonxitude. Os fusos horarios. Os mapas (mapa/plano, elementos do mapa, diferentes tipos de mapas...).
- **O relevo terrestre:** A distribución dos continentes e dos océanos. As formas do relevo: montaña, chaira, illa, península... Os grandes accidentes do relevo terrestre. Os principais océanos, mares, ríos e lagos. Principais trazos do medio físico europeo: relevo e hidrografía.

PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN

- Ao longo do curso o alumnado da E.S.O. que promocionou de nivel tendo suspendida algunha das materias impartidas polo Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia recibirá o correspondente reforzamento educativo coa finalidade de que poida aprobar a materia.

IES AS TELLEIRAS – MATERIAS PENDENTES PRESENTACIÓN DA MATERIA

- Durante o curso os alumnos e alumnas coa materia de Xeografía e Historia 1º ESO pendente realizarán **Boletíns de Actividades de Reforzo** propostos polo Departamento. O docente que imparta clase a estes alumnos/as encargarse de supervisar e avaliar a realización das actividades propostas, controlando deste xeito o traballo realizado polo alumnado. Os alumnado poderá consultar ao profesor/a calquera tipo de dúbidas e problemas que se lle poidan presentar na elaboración das actividades.

- **A materia dividirase en dous parciais. Para poder aprobar os correspondentes parciais** os alumnos e as alumnas deberán presentar as **actividades dos Boletíns de Reforzo completas e correctas**. A materia quedará superada se se dan as seguintes circunstancias:

- **Aprobando ambos parciais** (é dicir, obtendo un 5 como mínimo en cada un deles).

- **Obtendo unha cualificación \geq que 5** na media aritmética das cualificacións dos parciais.

Nota: (Nota 1ºParcial + Nota 2º Parcial) / 2.

- **Aqueles alumnos ou alumnas que non aproben** a materia deste xeito poderán realizar unha **Proba final** no mes de maio, que se puntuará sobre 10 e na que entrarán todos os contidos traballados. Esta proba terá a seguinte estrutura:

- Unha primeira parte será de carácter teórico e consistirá na definición de conceptos básicos relacionados coa materia, resposta a preguntas curtas, desenvolvemento de breves temas históricos...

- Unha segunda parte será de carácter máis práctico e poderá constar dun comentario guiado dun mapa, gráfico, imaxe,... elaboración de esquemas, clasificación de afirmacións como verdadeiras ou falsas, completar un mapa...

- O alumnado que **non probe a materia pendente na Proba Final** do mes de maio, terá **outra oportunidade para recuperala tras superar as actividades propostas polo/a docente** (poderán ser escritas, orais, interactivas, comentarios, cuestionarios...). **Dita recuperación terá lugar antes da data establecida no Centro para a terceira Avaliación parcial e a sesión de Avaliación Final Ordinaria.**